

Resolución da Comisión de Selección encargada de cualificar o proceso selectivo extraordinario da Axencia Turismo de Galicia, convocado pola Resolución do 28 de decembro de 2022 (DOG núm. 248, do 30 de decembro), pola que se fai público o contido e as respostas correctas da proba de coñecemento de lingua galega, e o resultado obtido polas persoas aspirantes que non acreditan estar en posesión do nivel de coñecemento requirido para o acceso ás prazas convocadas.

En sesión que tivo lugar o 19 de xuño de 2023, a comisión de selección nomeada pola Resolución do 5 de maio de 2023 (DOG núm. 92, do 15 de maio) para os efectos de darlle cumprimento ao disposto no apartado 1.4.2.II das bases que rexen o proceso selectivo extraordinario de estabilización, aprobadas mediante a Resolución do 28 de decembro de 2022, acordou e fixo público no portal web corporativo <https://www.turismo.gal/espazo-institucional>, o día, a hora e o lugar de realización da proba de coñecemento de lingua galega, así como os criterios establecidos para a superación da mesma.

En sesión que tivo lugar o 12 de xullo de 2023, a comisión de selección

ACORDA

Primeiro.- Facer público o contido do exercicio e as respostas correctas, de acordo ao establecido nas bases que rexen o proceso, no portal web corporativo <https://www.turismo.gal/espazo-institucional>, nas vinte e catro (24) horas seguintes á celebración da proba de coñecemento de lingua galega.

Segundo.- Facer público o resultado da proba de coñecemento de lingua galega, celebrada o día 12 de xullo, das persoas aspirantes que non acreditaron estar en posesión do nivel de coñecemento requirido para o acceso ás prazas convocadas:

Persoas que realizaron a proba de coñecemento da lingua galega				
NIF	Apelido 1	Apelido 2	Nome	CALIFICACIÓN
***6802**	Iglesias	Díaz	María Carmen	APTO

Terceiro.- Conceder un prazo de dez (10) días hábiles para os efectos de alegacións, contados a partir do día seguinte ao da publicación no DOG do anuncio desta resolución.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

O secretario

José Carlos Fernández-Barja Martínez

Vº e Prace
O presidente

Antonio Casas Calviño

